



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo


Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela
Tlf.: 981 54 43 56 - Fax: 981 54 43 43

PTU-LU-08/020
O CORGO (LUGO)
DELIMITACIÓN NÚCLEO
RURAL DE ALFONXE
A.D.- resolución
Páxina 1 de 3

CONCELLO DO CORGO

12 SET. 2008

Número 1199
REXISTRO XRAL. ENTRADA



Sr. Alcalde do Concello do Corgo
(Lugo)

Notifícole que con data de 9 de setembro de 2008 o Sr. Director Xeral de Urbanismo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ditou a resolución que literalmente di:

"RESOLUCIÓN SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO SOLO DO NÚCLEO RURAL DE ALFONXE NA PARROQUIA DE GOMEÁN, CONCELLO DO CORGO (LUGO).

I.- ANTECEDENTES

Remite o concello expediente de delimitación referido, aos efectos de obte-la súa aprobación definitiva, conforme á Disposición Adicional 2º.2 da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en adiante LOUG.

A documentación técnica, presentada por triplicado, está integrada por memoria, nomenclátor, anexo fotográfico e 4 planos, do nº 1 ao nº 4, de carácter informativo, procedentes do PXOM en tramitación, e datados en febreiro de 2.008, sen visado colexial, e formúllase por iniciativa dun particular.

O concello de Corgo carece de instrumentos de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial, en adiante NCSPP.

Atópase en tramitación un Plan Xeral de ordenación deste municipio, contratado en novembro de 2.003 e aprobado provisoriamente o 27 de abril de 2007. Nos case tres anos transcorridos dende a aprobación inicial 30 de setembro de 2005, o concello leva tramitado un gran número de expedientes de delimitación de núcleos rurais, cando menos dezaseis xa resoltos pola Consellería e dous en fase de resolución, demorando incomprensiblemente a tramitación dun plan cuxa ordenación vese cada día mais comprometida ao carecer dunha suspensión de licenzas dende a súa orixe. Procedería, xa que logo, apremar ao concello do Corgo para que cumpra as súas obrigas legais, conducentes á aprobación definitiva do devandito Plan.

Con data 12 de agosto 2008 xirouse inspección ao núcleo de referencia, para completar información .

Respecto da tramitación administrativa, cabe sinalar o seguinte:

1. Cumpríuse co trámite de información pública mediante a publicación de anuncios no DOG nº 80, do 25 de abril de 2008 e nos xornais "El Progreso" e "La Voz de Galicia" de Lugo, en datas 28 e 29 de marzo de 2008, respectivamente.



2. Consta certificación do secretario municipal de data 26 de maio de 2008 sobre a exposición pública do proxecto dende o 25 de abril ó 25 de maio de 2008, sen que no devandito período se presentara alegación ningunha.
3. Na certificación expedida polo secretario municipal con data 30 de maio de 2008, consta o acordo de aprobación provisional da devandita delimitación adoptado polo pleno en sesión celebrada na mesma data.
4. O concello enviou tres exemplares do proxecto técnico da delimitación, con a diligencia de ser os aprobados provisoriamente na data correspondente.

Segundo o indicado, constátase que o expediente cumple, respecto da documentación e tramitación administrativa, as determinacións contidas no apartado 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

II CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTACIÓN.

Logo de analizar a documentación achegada polo Concello do Corgo e á vista da proposta elaborada polo Servizo de Urbanismo, compe indicar.

Tras analizar a documentación técnica remitida polo concello, contrastada con outras bases de información dispoñibles e a visita de campo, fanse as seguintes observacións:

1. A entidade delimitada ten topónimo recoñecido no Nomenclátor de entidades de poboación da provincia de Lugo (Decreto 6/2000), así como no censo de poboación e vivendas do Instituto Nacional de Estatística. Conta cun parque residencial de 14 vivendas, delas 9 tradicionais e 5 non tradicionais, e unha poboación aproximada de 31 habitantes (Padrón municipal ano 2007).
2. Delímítase unha circunscripción de 3,346 has. aproximadamente, na que se definen novas aliñacións, as cales deixan unha superficie neta –susceptible de edificación lucrativa- de 2,986 has. Non se delimitan áreas de expansión.
3. A documentación presentada é suficiente aos efectos de verificar o cumprimento dos requisitos legais que condicionan a delimitación.
4. O proxecto contén unha xustificación do grao de consolidación edificatoria do ámbito delimitado, contendo unha superficie edificada maior da metade da posible no núcleo definido, polo que se entende que acada o grao de consolidación establecido como mínimo polo art. 13, da LOUG. Así mesmo, xustifícase o cumprimento do resto dos condicionantes que establece o citado artigo en relación coa disposición adicional 2ª de dita lei.

De acordo co punto 2 da disposición adicional segunda da LOUG, e co artigo 7º do Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de núcleo rural corresponde ao Director Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.



III. RESOLUCIÓN

Visto canto antecede, RESOLVO:

1. Aprobar a delimitación de solo do núcleo rural de Alfonxe na parroquia de Gomeán, concello do Corgo (Lugo), polas consideracións expostas no apartado II anterior.
2. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ó de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública non cabrá interpoñer recurso en vía administrativa, pudendo interpoñer recurso contencioso - administrativo perante a sala do Contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requerimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso -administrativa).



O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2008.



O Subdirector Xeral de Urbanismo

José Luis Álvarez Vicente



ORDENANZAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

----- DELIMITACIÓN DO NÚCLEO

NÚCLEO TRADICIONAL

ÁREA DE EXPANSIÓN

----- S.R. PROTECCIÓN DE AUGAS

DOTACIÓN LOCais

EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS

S - Sociocultural
D - Deportivo
E - Educativo
R - Recreativo

ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES

ALIÑACIÓN E RASANTES

----- ALIÑACIÓN DO VIAL

----- ANCHO DE RÚA (E= Existente)

----- LINIA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

PROTECCIÓN DE BENS CATALOGADOS

1-05 XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

2-05 ELEMENTO CATALOGADO

ÁREA DE PROTECCIÓN DE
BENS CATALOGADOS

DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE ALFONXE EN O CORGO

SITUACION	ALFONXE - GOMEÁN - O CORGO
PROMOTOR	SILVIA DOVAL ABUN
TITULO	INFORMACIÓN DO NÚCLEO RURAL